



Julio Díaz Escolante
Presidente ANPE GALICIA



Estimados compañeiros/as

Ó próximo día 29 de maio tes unha importante cita coas urnas, celébranse eleccións sindicais para elixir Delegados dos catro Comités de Empresa de profesores de Relixión na nosa comunidade, nas que se otorgará representación ás distintas organizacións sindicais nos diferentes ámbitos de negociación, segundo os resultados obtidos no citado proceso.

A nosa vocación de defensa da profesión docente, en exclusiva, levounos a presentar candidaturas na práctica totalidade das provincias de España, sempre animados por compañeiros coma ti que nos reclamaron este paso en pro da defensa da vosa situación laboral. ANPE é o sindicato máis representativo a nivel estatal do profesorado de Relixión.

En **ANPE** cremos que o profesorado é o motor que impulsa o ensino. É por iso que procuramos estar, en cada momento, ao voso carón xestionando os problemas do día a día, trasladando as vosas reivindicacións, esixindo a recuperación dos vosos dereitos laborais, económicos e sociais.

Desde **ANPE** temos como única preocupación loitar pola calidade do ensino público e pola dignificación do traballo do seu profesorado, **somos a única organización sindical da Mesa Sectorial que defendemos exclusivamente o ensino público,** e por iso fundamental para seguir impulsando o noso proxecto, que o vindeiro 29 de maio nos confíedes o voso voto e recabedes o de todos os que comparten os mesmos principios e valores.

Como compañeiro voso agradezo que apostedes pola nosa profesionalidade; en **ANPE** todos somos docentes coma ti. Non entenderíamos que o teu apoio serva para reforzar opcións que piden "Relixión fóra das aulas", "por unha escola laica".. como proclaman organizacións que mesmo nas súas candidaturas contan con compañeiros vosos ou vos mesmos apoiades co voso voto (consulta o documento adxunto).

Tampouco é moi entendible o apoio a outras opcións que non teñen representación nas Mesas onde se defenden os vosos intereses e se negocian as vosas condicións de traballo.

Agradecemos un voto de confianza en todo o equipo de **ANPE** en Galicia prometendo non defraudarvos ao tempo que intentaremos, co voso apoio, prestixiar esta noble profesión que desempeñamos.

DEIXANOS SER A TÚA VOZ

VOTA ANPE